



GUÍA PRÁCTICA DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA INCLUSIVA

CONCELLO DE RIBEIRA



RIBEIRA



**Concello
de Ribeira**

ÍNDICE DA GUÍA PRÁCTICA DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA INCLUSIVA:

- ▶ PRESENTACIÓN
- ▶ ESTRATEXIAS PARA A UTILIZACIÓN DA LINGUAXE INCLUSIVA
- ▶ LINGUAXE VISUAL
- ▶ DECÁLOGO DE RECOMENDACIÓNS
- ▶ SOLUCIÓNS NON SEXISTAS
- ▶ COIDADADO CON ALGÚN DOS USOS SEXISTAS!
- ▶ ALTERNATIVAS NON SEXISTAS DE TERMOS DE USO FRECUENTE NA ADMINISTRACIÓN

PRESENTACIÓN:

A linguaxe é unha construción social e histórica que contribúe á nosa percepción, entendemento e interpretación do mundo, polo cal supón unha ferramenta eficaz de comunicación e tamén de poder. Ao mesmo tempo, resulta ser vehículo das nosas ideas e do noso pensamento e axuda á súa perpetuación. Por todo iso, en función de como usemos a linguaxe, esta pode afianzar o sexismo lingüístico ou non, entendendo como tal o trato discriminatorio que, a través da forma da mensaxe, se dá a calquera dos sexos (aínda que adoita ser o feminino o que resulta afectado máis frecuentemente).

A linguaxe inclusiva baséase na utilización de palabras que non discriminen as mulleres e procura que a linguaxe non sexa unha ferramenta ao servizo do pensamento androcéntrico, como é o que outorga aos homes a posición central da sociedade ou do poder e que refire a utilización do masculino gramatical como xenérico ou neutro.

O obxectivo fundamental da utilización da linguaxe inclusiva é lograr a igualdade entre mulleres e homes, como sinala a [LO 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes](#).

O obxectivo desta Guía é proporcionar ao persoal do Concello de Ribeira un instrumento de traballo útil e sinxelo para poder resolver calquera situación que se dea no traballo diario que realizan en relación á utilización da linguaxe inclusiva non sexista.

A linguaxe resulta ser o vehículo máis preciso de comunicación que posuímos, polo cal debemos contribuír a velar pola súa eficacia, facer un uso correcto do idioma e facer máis comprensibles e inclusivos os escritos que a Administración, neste caso o Concello de Ribeira, dirixe á poboación.



ESTRATEGIAS PARA A UTILIZACIÓN DA LINGUAXE INCLUSIVA:

1. EMPREGAR TERMOS XENÉRICOS, COLECTIVOS, ABSTRACTOS E PERÍFRASES

SUBSTANTIVOS XENÉRICOS

Son termos que se refiren, independentemente do seu xénero gramatical, a homes e mulleres: **persoa, vítima, criatura, cónxuxe, personaxe.**

Por exemplo: **FORMA NON INCLUSIVA:** Segundo o previsto na normativa vixente, **os danados** no accidente recibirán as indemnizacións pertinentes
FORMA RECOMENDADA: Segundo o previsto na normativa vixente, **as vítimas do accidente** recibirán as indemnizacións pertinentes

Hai que ter coidado *cos falsos xenéricos* como “home” co sentido de humanidade, ou palabras como “o beneficiario”, “o interesado”, etc. Trátase dun uso moi común que debemos evitar pois os falsos xenéricos fan referencia a persoas masculinas e invisibilizan as mulleres. Podemos empregar termos neutros como: ser humano, persoa ou humanidade, persoa beneficiaria, persoa interesada.

Por exemplo: **FORMA NON INCLUSIVA:** A evolución **do home**
FORMA RECOMENDADA: A evolución **da especie humana.**

Os documentos administrativos deben incorporar fórmulas que engloben ambos os sexos ou o xénero gramatical correspondente.

SUBSTANTIVOS COLECTIVOS

Son termos que designan en singular conxuntos de entidades: **ciudadanía, poboación, familia, funcionariado, alumnado, electorado, humanidade, veciñanza, etc.**

Por exemplo: **FORMA NON INCLUSIVA:** Avísase **aos traballadores** da empresa que a revisión médica será o vindeiro martes
FORMA RECOMENDADA: Avísase **ao persoal** da empresa que a revisión médica será o vindeiro martes



1. EMPREGAR TERMOS XENÉRICOS, COLECTIVOS, ABSTRACTOS E PERÍFRASES

SUBSTANTIVOS ABSTRACTOS

Termos que se utilizan para aludir ao cargo, profesión, oficio, titulación, etc. e non á persoa: **Tesourería, Dirección, Presidencia, Alcaldía, Inspección, etc.**

Por exemplo:

FORMA NON INCLUSIVA:	Tema 3. A organización municipal. O alcalde , o Pleno...
FORMA RECOMENDADA:	Tema 3. A Organización municipal. A Alcaldía , o Pleno...

PERÍFRASES

Cando non dispoñemos de xenéricos, colectivos ou abstractos podemos substituír por perífrases do tipo: a poboación española, o persoal administrativo, etc.



2. UTILIZAR FÓRMULAS DE DESDOBRAMENTO E BARRAS

DESDOBRAMENTOS

Para facer referencia a un grupo integrado por homes e mulleres podemos utilizar os dous xéneros gramaticais. É importante alternar a orde da presentación para non dar sistematicamente prioridade ao masculino sobre o feminino. A concordancia farase co segundo termo.

Por exemplo:

FORMA NON INCLUSIVA: O Concello de Ribeira contratará **un editor**

FORMA RECOMENDADA: O Concello de Ribeira contratará **un editor ou unha editora**

USO DE BARRAS

Recurso recomendado especialmente en documentos onde hai problemas de espazo, como son os impresos ou formularios, e tamén para os encabezados, pero sempre alternando ambos os sexos.

Por exemplo:

FORMA NON INCLUSIVA: **D.....**

FORMA RECOMENDADA: **D/Dna.....**
Nome e apelidos.....



3. FEMINIZAR TERMOS

- Emprégase a terminación –a que se agrega a un nome masculino terminado en consoante.

Por exemplo:

autor	autora
concelleiro	concelleira

- Emprégase tamén a terminación –a para substituír as terminacións -o do masculino.

Por exemplo:

avogado	avogada
médico	médica
técnico	técnica

- Menos común é cambiar o nome masculino ou alongar a terminación.

Por exemplo:

rei	raíña
príncipe	princesa



4. EMPREGAR CONSTRUCCIÓN NON SEXISTAS

OMITIR DETERMINANTES

- Omitir o determinante diante do substantivo invariable (en listas, instancias, etc.)
Por exemplo: **FORMA NON INCLUSIVA:** **O vogal** da comisión; **o representante** dos sindicatos
FORMA RECOMENDADA: **Vogal** da comisión; **Representante** da comisión
 - Substituír o determinante que acompaña a un substantivo invariable por outros sen marcas de xénero (cada, calquera)
Por exemplo: **FORMA NON INCLUSIVA:** **Todos os** solicitantes deberán presentar o DNI.
FORMA RECOMENDADA: **Cada** solicitante deberá presentar o DNI.
 - Substituír estruturas marcadas por un pronome sen marca de xénero (quen)
Por exemplo: **FORMA NON INCLUSIVA:** **Os que** se matriculen no curso deberán aboar as taxas.
FORMA RECOMENDADA: **Quen** se matriculen no curso deberán aboar as taxas.
-



4. EMPREGAR CONSTRUCCIÓN NON SEXISTAS

ELUDIR O SUXEITO

- Estruturas con se.

Por exemplo:

FORMA NON INCLUSIVA: O solicitante deberá cubrir o formulario

FORMA RECOMENDADA: Cubrirase o formulario.

- Formas persoais do verbo.

Por exemplo:

FORMA NON INCLUSIVA: O solicitante deberá cubrir o formulario

FORMA RECOMENDADA: Cubra o formulario.

- Formas non persoais.

Por exemplo:

FORMA NON INCLUSIVA: O solicitante deberá cubrir o formulario

FORMA RECOMENDADA: Para cubrir.



4. EMPREGAR CONSTRUCCIÓN NON SEXISTAS

SIMETRÍA NO TRATAMENTO

- Alternar a orde de masculino e feminino.
Por exemplo: **Funcionarias e funcionarios** fixos
Traballadores e traballadoras en excedencia

- Uso adecuado de formas de tratamento de cortesía.
Por exemplo:
FORMA NON INCLUSIVA: O interesado
FORMA RECOMENDADA: O/A interesado/a
A persoa interesada

- Tratamento homoxéneo en todo o texto.
Por exemplo:
FORMA NON INCLUSIVA: Datos do interesado
Firma do interesado
FORMA RECOMENDADA: Datos do/da interesado/a
Firma do/da interesado/a

Importante: se nos inclinamos polo uso de barras e desdobramentos debemos empregalos ao longo de todo o documento.



5. ALTERNATIVAS AO MASCULINO XENÉRICO

- Tentaremos sempre que sexa posible eludir o masculino xenérico para non crear confusión, existen múltiples posibilidades.

Por exemplo:

FORMA NON INCLUSIVA: Os que non presenten o DNI non serán admitidos

FORMA RECOMENDADA: As persoas que non presenten o DNI non serán admitidas
Quen non presenten o DNI non serán admitidos

- Evitar o uso de indefinidos un/s, algún/s, todo/s

Por exemplo:

FORMA NON INCLUSIVA: Se algún ten algo que alegar deberao realizar por escrito
Uns optaron por non se inscribir na bolsa de traballo
Todos os que non cumbran os requisitos

FORMA RECOMENDADA: Se alguén ten algo que alegar deberao realizar por escrito
Unhas persoas optaron por non se inscribir na bolsa de traballo
Todas as persoas que non cumbran os requisitos





LINGUAXE VISUAL:

Se falamos dun **bo uso non sexista da imaxe** de mulleres e homes, ou o que denominamos *tratamento igualitario da imaxe*, débense utilizar indistintamente persoas dun ou doutro sexo independentemente da función que persiga para evitar reforzar estereotipos.

CLAVES:

- Visibilizar as mulleres evitando a figura masculina como modelo xenérico de representación de todos os seres humanos.
- Visibilizar adecuadamente as mulleres e os homes sen caer en estereotipos sexistas.
- Garantir a paridade na frecuencia de aparición de mulleres e varóns nas imaxes.
- Ofrecer unha imaxe alternativa ao modelo de familia tradicional, mostrando imaxes de modelos alternativos como familias monomarentais, familias LGTBI, etc. contribuíndo deste xeito á consecución dunha sociedade diversa e equitativa.



PREGÚNTATE:

A través destas preguntas podes obter as respostas para un uso correcto das imaxes:

- As mulleres comparten o protagonismo cos homes?
- Dáselles visibilidade aos homes en ámbitos privados e actividades domésticas tradicionalmente relacionadas coas mulleres?
- Dáselles visibilidade ás mulleres en ámbitos públicos e en actividades tradicionalmente relacionadas cos homes?
- Hai unha frecuencia paritaria de aparición de homes e mulleres?
- Móstrase a pluralidade de mulleres e homes que existen na sociedade, non só modelos ideais?
- As mulleres aparecen como persoas con autonomía nalgúns ámbitos (tecnoloxía, infraestruturas, etc.), aparecendo como únicas protagonistas nas imaxes?
- Aparecen mulleres compartindo protagonismo con outras mulleres?
- Móstranse iconas inclusivas e plurais: representando ambos os sexos ou de valor neutro, xenérico ou abstracto?

SOLUCIÓN NON SEXISTAS DE COMUNICACIÓN DIXITAL.

FORMA NON INCLUSIVA	FORMA RECOMENDADA
Benvido...	Dámosche a benvida...
Atención ao usuario	Atención a persoas usuarias Atención a usuarios/as
Está rexistrado ?	Xa ten conta?
Espazo do contribuínte	Espazo para contribuíntes
Quedaré matriculado no curso en liña	A súa matrícula no curso en liña será efectiva
Caixa de correos do cidadán	Caixa de correos da cidadanía



DECÁLOGO DE RECOMENDACIONES:

- 1.** Corrixir o enfoque androcéntrico das expresións, buscando unha linguaxe igualitaria. Unha linguaxe non excluínate permite crear referentes femininos porque visibiliza as mulleres, nomea correctamente a varóns e mulleres, rompe estereotipos e neutraliza os prexuízos sexistas que afectan a uns e a outras.
- 2.** É compatible o uso das normas gramaticais e estilísticas co uso non sexista da lingua.
- 3.** Evitar o uso de tratamentos de cortesía innecesarios. No caso de incluílos, utilizaranse os seguintes: “don e señor” para varóns e “dona e señora” para mulleres. Nunca se empregarán nomeamentos que impliquen relacións de dependencia ou subordinación. Por exemplo: Señora de ...
- 4.** O uso innecesario ou abusivo do masculino xenérico é un obstáculo á igualdade real entre homes e mulleres porque oculta as mulleres e produce ambigüidade. Evitarase a súa utilización en textos e documentos.
- 5.** Para substituír o masculino xenérico empregaranse termos xenéricos colectivos, abstractos e perífrases ou metonimias ([ver aquí](#))



6. Utilizaranse, sempre que sexa posible, as denominacións de cargos, profesións e titulacións en feminino, mediante o morfema de xénero e/ou o artigo. Cando o seu uso se faga en plural, evitarase a utilización do xenérico masculino ([ver aquí](#))
7. Nos casos nos que o texto se refira a quen posúe a titularidade dunha entidade, área ou institución, a linguaxe adecuarase ao masculino ou ao feminino en función de se fai alusión a un home ou unha muller ([ver aquí](#))
É importante lembrar que o galego e o castelán teñen marca de xénero, polo que os cargos ocupados por mulleres deben recollese en feminino ([ver aquí](#))
8. Os documentos administrativos deben dirixirse á cidadanía con fórmulas que nomeen especificamente ás mulleres cando se coñece o seu sexo. Cando se descoñece quen será a persoa destinataria, usaranse fórmulas que engloben ambos os sexos, evitando o uso do masculino xenérico ([ver aquí](#)) ([e aquí](#)) ([e tamén aquí](#))
9. O uso dobre mediante barras queda limitado aos formularios de carácter aberto e a determinados encabezamentos, procurando non utilizalo en ningún caso noutro tipo de redactados ([ver aquí](#)) ([e ver aquí](#))
10. Non poderá utilizarse como marca de xénero a arroba @ ou o x, porque non é un signo lingüístico, e non permite a súa lectura.



SOLUCIÓNNS NON SEXISTAS:

FORMA NON INCLUSIVA

Ana Pérez. Técnico de Igualdade

Os veciños

Os voluntarios

Os funcionarios

O candidato

O alcalde

O Secretario

Os ribeirenses

Os solicitantes

O demandado

Os que

Algún/Algúns

Ningún/Ningúns

Todos/un

Os funcionarios

Os técnicos

Os fillos

FORMA CORRECTA

Ana Pérez. Técnica de Igualdade

COMO NORMA: Nos documentos onde coñecemos a persoa a quen vai dirixido úsase o xénero gramatical que lle corresponda co sexo de cada persoa.

A veciñanza

O voluntariado

O funcionariado

COMO NORMA: Evitarase a utilización do masculino como xenérico.

A candidatura

A Alcaldía

A Secretaría

COMO NORMA: Pasarase a englobar nunha palabra cargos, profesións, etc.

Poboación ribeirense

A parte solicitante

A persoa demandada

COMO NORMA: Utilizaranse perífrases, é dicir, un conxunto de palabras que expresen a mesma idea.

Quen

Alguén

Ninguén

Calquera/Cada

COMO NORMA: Cambiamos os pronomes de xénero masculino por outros sen xénero ou omitímolos.

Os funcionarios e funcionarias

As técnicas e os técnicos

As fillas e fillos

COMO NORMA: A convivencia dos dous xéneros.



COIDADADO CON ALGÚNS USOS SEXISTAS!

DUAIS APARENTES E VOCÁBULOS OCUPADOS

Os duais aparentes son termos que cambian de significado segundo se apliquen a un sexo ou a outro.

Adoita ocorrer, sobre todo en palabras que designan cargos ou profesións, que as formas femininas son “vocábulos ocupados”, é dicir, que posúen un significado inferior ou negativo respecto á forma masculina, o que dificulta o seu emprego dun modo igualitario.

Por exemplo:

Secretaria: “muller que se dedica a tarefas subalternas”

Secretario: “home que desempeña un alto cargo”

Sarxenta: “muller do sarxento” ou “muller autoritária”

Sarxento: “cadro de mando intermedio da policía e forzas de seguridade”

Noutros pares o termo feminino posúe un significado inferior ou negativo con respecto ao masculino.

Por exemplo:

Home público

Muller pública

Individuo

Individua

BALEIROS LÉXICOS

Palabras que carecen de correlato ou dual no outro xénero. A ausencia adoita prexudicar as mulleres.

Por exemplo:

Misoxinia: “aversión ou odio ás mulleres”

Non existe ningunha palabra que nomee a aversión ou odio aos homes.

Hombría

Mullería?

Primeira dama

Primeiro cabaleiro?



DENOMINACIÓN SEXUADA

Un problema de falta de simetría de xénero na linguaxe ten que ver coa forma de mencionar os homes, quen se identifican polo seu cargo, oficio, profesión, etc. Con todo, as mulleres son identificadas antes polo seu sexo ou pola súa dependencia dun home (pai, marido, etc.), que polos seus méritos ou identidade propia.

Por exemplo: O seguro indemnizará os accidentados: **tres mulleres e dous policía**s. O seguro indemnizará as **persoas accidentadas**.

ORDE DE PRESENTACIÓN

A anteposición, como norma, do masculino ao feminino, supón aceptar a preferencia dun xénero sobre outro. Non existe ningunha xustificación gramatical que explique o uso sistemático da forma masculina diante da feminina.

Aínda que sempre é preferible evitar os desdobramentos (excepto cando non haxa outro modo de visibilizar as mulleres), o lóxico é, en caso de que se produzan, que se introduzan de forma alterna para evitar consolidar a xerarquía sexual.

Por exemplo: Se nun documento se fai referencia constante ás **persoas consumidoras**, en ocasións pódese desdobrar usando ao longo do texto **os consumidores e as consumidoras** e tamén **as consumidoras e os consumidores**.

APOSICIÓN REDUNDANTES

Consiste en destacar a condición sexuada das mulleres por riba doutras calidades que son pertinentes ao asunto.

Por exemplo:

A manifestación terminou coa lectura dun manifesto das mulleres xornalistas	A manifestación terminou coa lectura dun manifesto das xornalistas . (a expresión as xornalistas marca o xénero por si soa, sen necesidade de engadir o termo mulleres)
--	---

Atopamos este uso discriminatorio cando se destaca a condición sexuada das mulleres por riba doutras calidades que son pertinentes ao asunto.

Por exemplo:

A folga foi secundada por 2.000 mulleres traballadoras .	A folga foi secundada por 2.000 traballadoras .
---	--



ASIMETRÍA NO TRATO MULLERES/HOMES

Os tratamentos de cortesía que converten ás mulleres en dependentes ou a forma de dirixirse ás mulleres, mediante diminutivos ou vocábulos que as infantilizan, aínda son frecuentes nalgúns contextos comunicativos. Estes usos xamais se aplican aos homes.

Por exemplo:

Señorita (define o estado civil das mulleres)

Prodúcese cando as formas de tratamento e cortesía presentan á muller en relación de dependencia respecto ao home ou a infantilizan mediante diminutivos.

Por exemplo:

Os solicitantes Ignacio Ferreiro **e a súa esposa**

Señor / **señorita**

Os solicitantes Ignacio Ferreiro **e Sara Sobradelo**

Señor / **señora**

Tamén se dá o caso, sobre todo en documentos asinados pola Administración que deben cubrir tanto mulleres como homes, que as fórmulas que aparecen de tratamento están soamente en masculino.

Por exemplo:

O denunciante

Firma do interesado

O interesado

Denunciante

Persoa denunciante

A/o denunciante

Firma da persoa interesada

Firma da/o interesada/o

A persoa interesada

A/o interesada/o



Alternativas no sexistas de termos de uso frecuente na Administración:

A B C D E
F G H I L
M N O P R
S T U V W
X



A

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

A terceiros	Terceiras persoas			Terceira ou terceiro	Terceiras e terceiros	As e os terceiros	As terceiras e os terceiros
Acredor	Parte acreedora	Persoa acreedora	Entidade acreedora	Acreedora ou acredor	Acredoras e acredores	As e os acredores	As acredores e acredores
Administrador	Administración	Persoa administradora		Administradora ou administrador	Administradoras e administradores	As e os administradores	As administradoras e os administradores
Administrativo	Administración		Persoal de administración	Administrativa ou administrativo	Administrativas e administrativos	As e os administrativos	As administrativas e os administrativos
Admitido	Admisión	Persoa admitida		Admitida ou admitido	Admitidas e admitidos	As e os admitidos	As admitidas e os admitidos
Adolescente	Adolescencia	Persoa adolescente				As e os adolescentes	As adolescentes e os adolescentes
Adulto	Adultez	Persoa adulta	Idade adulta	Adulta ou adulto	Adultas e adultos	As e os adultos	As adultas e os adultos
Adxudicatario	Parte adxudicataria	Persoa adxudicataria	Entidades adxudicatarias	Adxudicataria ou adxudicatario	Adxudicatarios e adxudicatarias	As e os adxudicatarios	As adxudicatarias ou os adxudicatarios
Afiliado	Afiliación	Persoa afiliada		Afiliada ou afiliado	Afiliadas e afiliados	As e os afiliados	As afiliadas ou os afiliados
Alcalde	Alcaldía	Representantes locais		Alcaldesa ou alcalde	Alcaldesas e alcaldes	As e os alcaldes	As alcaldesas ou os alcaldes
Algún	Alguén			Algunha ou algún	Algunhas e algúns		
Alumno	Alumnado		Estudiante	Alumna ou alumno	Alumnas e alumnos	As e os alumnos	As alumnas e os alumnos
Ambos	Un e outra	Ambas as partes					
Amigo	Amizade	Amizades		Amiga ou amigo	Amigas e amigos	As e os amigos	As amigas e os amigos
Ancián		Persoa maior		Anciá ou ancián	Anciás e anciáns	As e os anciáns	As anciás e os anciáns



TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Antepasados	Ascendencia					As e os ascendentes	As ascendentes e os ascendentes
Apoderado	Apoderamento	Persoa apoderada		Apoderada ou apoderado	Apoderadas e as e apoderados	As e os apoderados	As apoderadas e os apoderados
Aquel	Aquela				Aquelas e aqueles		
Aqueles que dispoñan	Quen dispoñan	Persoas que dispoñan					
Arquitecto técnico		Persoal técnico de arquitectura		Arquitecta ou arquitecto	Arquitectas e arquitectos	As e os arquitectos	As arquitectas e os arquitectos
Asalariado		Persoa asalariada	Persoal asalariado	Asalariada ou asalariado	Asalariadas e asalariados	As asalariadas e os asalariados	As e os asalariados
Asesor	Asesoría	Asesoramento	Equipo asesor	Asesora ou asesor	Asesoras e asesores	As asesoras e os asesores	As asesoras e os asesores
Asinante	Persoa asinante					As e os asinantes	As asinantes e os asinantes
Aspirante	Persoa aspirante	Persoa candidata	Persoal aspirante			As e os aspirantes	As aspirantes e os aspirantes
Autónomo	Persoa autónoma	Persoal autónomo		Autónoma ou autónomo	Autónomas e autónomos	As e os autónomos	As autónomas e os autónomos
Autor	Autoría	Persoa autora		Autora ou autor	Autoras e autores	As e os autores	As autoras e os autores
Avogado	Avogacía	Asesoría xurídica	Asesoría legal	Avogada ou avogado	Avogadas e avogados	As e os avogados	As avogadas e os avogados



B

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Beneficiario	Pessoa beneficiaria	Entidade beneficiaria	Quen se beneficie	Beneficiaria ou beneficiario	Beneficiarios ou beneficiarias	As e os beneficiarios	As beneficiarias e os beneficiarios
Bolseiro					Bolseiras ou bolseiros	As e os bolseiros	As bolseiras e os bolseiros



C

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Caixa do Cidadán	Caixa cidadá	Caixa da cidadanía		Caixa da cidadá ou do cidadán	Caixa das cidadás e cidadáns	Caixa das cidadás e dos cidadáns	Caixa das cidadás e dos cidadáns
Candidato	Candidatura	Quen opta	Persoa candidata	Candidata ou candidato	Candidatas e candidatos	As e os candidatos	As candidatas e os candidatos
Cando un...	Cando se...						
Cidadáns	Cidadanía	Poboación		Cidadá ou cidadán	Cidadás e cidadáns	As e os cidadáns	As cidadás e os cidadáns
Científico	Comunidade científica	Persoa científica		Científica ou científico	Científicas e científicos	As e os científicos	As científicas e os científicos
Cliente	Clientela			Clienta ou cliente	Clientas e clientes	As e os clientes	As clientas e os clientes
Coidador	Persoa coidadora			Coidadora ou coidador	Coidadoras e coidadores	As e os coidadores	As coidadoras e os coidadores
Competidor	Competencia	Persoa competidora		Competidora ou competidos	Competidoras e competidores	As e os competidores	As competidoras e os competidores
Concelleiros	Compoñentes da corporación			Concelleira ou concelleiro	Concelleiras e concelleiros	As e os concelleiros	As concelleiras e os concelleiros
Conselleiro	Consellería			Conselleira ou conselleiro	Conselleira e conselleiros	As e os conselleiros	As e os conselleiros
Conserxe	Conserxería					As e os conserxes	As conserxes e os conserxes
Consultor	Consultoría	Persoa consultora		Consultora ou consultor	Consultoras e consultores	As e os consultores	As consultoras e os consultores
Consumidor	Consumo	Persoa consumidora	Quen consome	Consumidora ou consumidor	Consumidoras e consumidores	As e os consumidores	As consumidores e os consumidores



TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Contratado	Persoal asalariado	Persoa empregada	O cadro de persoal	Contratada ou contratado	Contratadas e contratados	As e os contratados	As contratadas e os contratados
Contribuínte	Persoa contribuínte					As e os contribuíntes	As contribuíntes e os contribuíntes
Convidado	Persoa convidada			Convidada ou convidado	Convidades e convidados	As e os convidados	As convidades e convidados
Coordinador	Coordinación	Persoa coordinadora	Equipo de coordinación	Coordinadora ou coordinador	Coordinadoras e coordinadores	As e os coordinadores	As coordinadoras e os coordinadores



D

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Daquel	Daquela						
Decano		Persoa decana		Decana ou decano	Decanas e decanos	As decanas e os decanos	As decanas e os decanos
Demandante	Parte demandante	Persoa demandante				As e os demandantes	As demandantes e os demandantes
Desempregado	Persoa en situación de desemprego	Persoa desempregada		Desempregada ou desempregado	Desempregadas e desempregados	As e os desempregados	As desempregadas e os desempregados
Destinatario	Persoa destinataria			Destinataria ou destinatario	Destinatarias e destinatarios	As e os destinatarios	As destinatarias e os destinatarios
Diplomado	Con diplomatura en...	Persoa diplomada		Diplomada ou diplomado	Diplomadas e diplomados	As e os diplomados	As diplomadas e os diplomados
Directivo	Dirección	Persoa directiva	Equipo de dirección	Directiva ou directivo	Directivas e directivos	As e os directivos	A directivas s e os directivos
Director	Dirección	Persoa directiva	Equipo directivo	Directora ou director	Directoras e directores	As e os directores	As directoras e os directores
Discapitado	Persoa con diversidade funcional						
Domiciliado en	Domicilio	Enderezo	Residencia	Domiciliada ou domiciliado	Domiciliadas e domiciliados	As e os domiciliados	As domiciliadas e os domiciliados
Don/dona	Nome e apelidos						



E

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Educador	Persoa educadora	Persoal docente		Educadora ou educador	Educadoras e educadores	As e os educadores	As educadoras e os educadores
Elector	Electorado	Persoa electora		Electora ou elector	Electoras e electores	As e os electores	As electoras e os electores
Emancipado	Persoa emancipada			Emancipada ou emancipado	Emancipadas e emancipados	As e os emancipados	As emancipadas e os emancipados
Empadroado	Empadroamento	Con padrón en...	Persoas empadroadas	Empadroada ou empadroado	Empadroadas e empadroados	As e os empadroados	As empadroadas e os empadroados
Emprendedor	Persoa emprendedora			Emprendedora ou emprendedor	Emprendedoras e emprendedores	As e os emprendedores	As emprendedoras e os emprendedores
Empresario	Empresariado	Empresa	Clase empresarial	Empresaria ou empresario	Empresarias e empresarios	As empresarias e os empresarios	As e os empresarios
Encargado	Persoa encargada	Persoa responsable		Encargada ou encargado	Encargadas e encargados	As e os encargados	As encargas e os encargados
Españois	Persoas españolas	Poboación española	Cidadanía española	Española ou español	Españolas e españois	As e os españois	As españolas e os españois
Estudante		Persoa estudante	Poboación estudantil			As e os estudantes	As estudantes e os estudantes
Europeos	Persoas europeas	Poboación europea	Cidadanía europea	Europea ou europeo	Europeas e europeos	As e os europeos	As europeas e os europeos
Examinado	Persoa examinada			Examinada ou examinado	Examinadas e examinados	As e os examinados	As examinadas e os examinados
Excluído	Persoa excluída			Excluída ou excluído	Excluídas e excluídos	As e os excluídos	As excluídas e os excluídos
Expedientado	Persoa expedientada			Expedientada ou expedientado	Expedientadas ou expedientados	As e os expedientados	As expedientadas e expedientados
Experto	Especialista	Persoa experta	Persoal especializado	Experta ou experto	Expertas e expertos	As e os expertos	As expertas e os expertos



F

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Fillo	Descendencia		Crianzas	Filla ou fillo	Fillas ou fillo	As e os fillos	As fillas e os fillos
Formador	Persoal de formación	Persoa formadora	Ensinantes	Formadora ou formador	Formadoras ou formadores	As e os formadores	As formadoras e os formadores
Funcionario	Funcionariado	Persoa funcionaria	Membro/a do funcionariado	Funcionaria ou funcionario	Funcionarias ou funcionarios	As e os funcionarios	As funcionarias e os funcionarios

G

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Galardoado	Persoa galardoada	Con galardóns		Galardoada ou galardoado	Galardoadas ou galardoados	As e os galardoados	As galardoadas e os galardoados
Galegos	Persoas galegas	Poboación galega	Cidadanía galega	Galega ou galego	Galegas ou galegas	As e os galegos	As galegas e os galegos
Gañador	Persoa gañadora			Gañadora ou gañador	Gañadoras ou gañadores	As e os gañadores	As gañadoras e os gañadores
Graduado	Con grao en...	Persoa con grao en...		Graduada ou graduado	Graduadas ou graduados	As e os graduados	As graduadas e os graduados



H

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Habitantes	Persoas habitantes	Persoas residentes	Persoas empadroadas			As e os habitantes	As habitantes e os habitantes
Home	Persoa	Humanidade					
Humano	Humanidade	Persoa		Humana ou humano	Humanas e humanos	As e os humanos	As humanas e os humanos

I

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Infractor	Persoa infractora			Infractora ou infractor	Infractoras e infractores	As e os infractores	As infractoras e os infractores
Inmigrante	A migración	Persoas migrantes				As e os migrantes	As e os migrantes
Inspector	Inspección	Persoas inspectoras		Inspectoras ou inspectores	Inspectoras e inspectores	As e os inspectores	As inspectoras e os inspectores
Interesado	Persoas interesadas	Persoas interesados	Entidades interesadas	Interesada ou interesado	Interesadas ou interesados	As e os interesados	As interesadas e os interesados
Interino	Interinidade	Persoas en interinidade		Interina ou interino	Interinas ou interinos	As e os interinos	As interinas e os interinos
Interventor	Intervención	Persoas interventoras		Interventora ou interventor	Interventoras e interventoras	As e os interventores	As interventoras e os interventores
Investigador	Persoas investigadoras	Persoas investigadores		Investigadora ou investigador	Investigadoras ou investigadores	As e os investigadores	As investigadoras e os investigadores



L

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Lector	Persoa lectora	Público lector		Lector ou lectora	Lectoras ou lectores	As e os lectores	As lectoras e os lectores
Licenciado	Con licenciatura en ...	Persoa licenciada en...		Licenciada ou licenciado	Licenciadas ou licenciados	As lectoras e os lectores	As lectoras e lectores
Licitador	Persoa licitante	Empresa licitante		Licitadora ou licitador	Licitadoras e licitadores	As es os licitadores	As licitadoras e os licitadores
Limpadora	Persoal de limpeza	Persoa limpadora		Limpadora ou limpador	Limpadoras e limpadores	As e os limpadores	As limpadoras e os limpadores

M

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Matriculado	Persoa matriculada			Matriculada ou matriculado	Matriculadas ou matriculados	As e os matriculados	As matriculas e os matriculados
Médico	Persoal médico			Médica ou médico	Médicas ou médicos	As e os médicos	As médicas e os médicos
Membro	Persoa integrante	Compoñente				As e os membros	
Ministro	Ministerio			Ministra ou ministro	Ministras ou ministros	As e os ministros	As ministras e os ministros
Moitos	Unha maioría	A maioría			Moitas e moitos		
Monitor	Monitorado	Persoa monitora		Monitora ou monitor	Monitoras e monitores	As e os monitores	As monitoras e os monitores
Mozo	Xuventude	Mocidade	Xente nova	Moza ou mozo	Mozas e mozos	As e os monitores	As monitoras e os monitores



N

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Nacido	Natural de...	Lugar de nacemento	Persoa nacida en...	Nacida ou nacido	Nacidas ou nados	As e os nados	As nadas e os nados
Naquel	Naquela						
Nenos	Infancia	Criaturas	Menores	Nena ou neno	Nenas ou nenos	As nenas e os nenos	As nenas e os nenos
Ningún	Ninguén	Ningunha persoa					
Notario	Notaría	Notariado	Persoa notaria	Notaria ou notario	Notarias ou notarios	As e os notarios	As notarias e os notarios



O

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

O abonado	Se ten abono	Débese ter un abono	Persoa abonada	Abonada ou abonado	Abonadas ou abonados	As e os abonados	As abonadas e os abonados
O demandado	A parte demandada			Demandada ou demandado	Demandadas ou demandados	As e os demandados	As demandadas e os demandados
O demandante	A parte demandante	Quen presente unha demanda				As e os demandantes	As demandantes e os demandantes
O profesional	Persoal experto	Persoa profesional				As e os profesionais	As profesionais e o profesionais
O solicitante	Persoa solicitante	Quen solicite				As e os solicitantes	As solicitantes e os solicitantes
O suplente	Suplencia	Persoa suplente				As e os suplentes	As suplentes e os suplentes
Obrigado	Parte obrigada			Obrigada ou obrigado	Obrigadas ou obrigados	As e os obrigados	As obrigadas e os obrigados
Oficina de atención ao cidadán	Oficina de atención cidadá			Oficina de atención á cidadá ou cidadán	Oficina de atención á cidadás ou cidadáns	Oficina de atencións ás e os cidadáns	Oficina de atención ás cidadás e os cidadáns
Operario	Persoa operaria	Persoal operario		Operaria ou operario	Operarias ou operarios	As operarias e os operarios	As operarias e os operarios
Opositor	Persoa opositora	Quen oposita		Opositora ou opositor	Opositoras ou opositores	As opositoras e os opositores	As opositoras e os opositores
Orientador	Persoa orientadora	Persoal de orientación		Orientadora ou orientador	Orientadoras ou orientadores	As e os orientadores	As orientadoras e os orientadores
Os afectados	As persoas afectadas			Afectada ou afectado	Afectadas ou afectados	As afectadas e os afectados	As afectadas e os afectados



TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Os dereitos dos nenos	Os dereitos da infancia			Os dereitos da nena ou neno	Os dereitos das nenas e nenos	Os dereitos das e dos nenos	Os dereitos das nenas e nenos
Os gardas urbanos	Os efectivos da garda urbana			Os efectivos da garda urbana	Os efectivos da garda urbana	As e os gardas urbanos	As gardas e os gardas urbanos
Os que	Quen						
Os traballadores contratados	Persoas contratadas	Persoal contratado		Traballadora contratada ou traballador contratado	Traballadoras contratadas e traballadores contratados	As e os traballadores contratados	As traballadoras contratadas e os traballadores contratados



P

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Parado	Poboación en desemprego	Persoa desempregada	Desemprego	Desempregada ou desempregado	Desempregadas e desempregados	As e os desempregados	As desempregadas e os desempregados
Participante	Persoa participante	Persoal participante				As e os participantes	As participantes e os participantes
Político	Clase política	Cargos políticos	As persoas representantes políticas	Política ou político	Políticas e políticos	As e os políticos	As políticas e os políticos
Poucos	Unha minoría			Pouca ou pouco	Poucas e poucos		
Presentador	Quen presenta	Persoa que presenta		Presentadora ou presentador	Presentadoras e presentadores	As e os presentadores	As presentadores e os presentadores
Presidente	Presidencia	Persoa o cargo da presidencia		Presidenta ou presidente	Presidentas e presidentes	As e os presidentes	As presidentas e os presidentas
Profesor	Profesorado	Docencia	Persoal docente	Profesora ou profesor	Profesoras e profesores	As e os profesores	As profesoras e os profesores



R

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Receptor	Recepción	Persoa receptora		Receptora ou receptor	Receptoras e receptoras	As e os receptores	As receptoras e os receptores
Redactor	Redacción	Equipo de redacción	Consello de redacción	Redactora ou redactor	Redactoras e redactores	As e os redactores	As redactoras e os redactores
Reitor	Reitoría	Reitorado		Reitora ou reitor	Reitoras e reitores	As e os reitores	As reitoras e os reitores
Relator		Persoa relatora		Relatora ou relator	Relatoras e relatores	As e os relatores	As relatoras e os relatores
Representante	Quen representa	Persoa representante	Representación			As e os representantes	As representantes e os representantes
Residente	Residencia	Persoa residente	Poboación residente			As e os residentes	As residentes e os residentes

S

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Secretario	Secretaría			Secretaria ou secretario	Secretarias e secretarios	As e os secretarios	As secretarias e os secretarios
Ser español	Ter a nacionalidade española	Poboación española	Cidadanía española	Español ou española	Españolas e españois	As e os españois	As españolas e os españois
Ser galego	Persoa galega	Poboación galega	Cidadanía galega	Galega ou galego	Galegas e galegos	As e os galegos	As galegas e os galegos
Será o coordinador	Quen coordine	Persoa coordinadora		Coordinador e ou coordinadora	Coordinadoras e coordinadores	As e os coordinadores	As coordinadores e os coordinadores
Será o xuíz	Quen xulgue			Xuíza o xuíz	Xuízas e xuíces	As e os xuíces	As xuízas e os xuíces
Si mesmos	Cada cal	cadaquén					



T

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Técnico	Persoal técnico	Persoa técnica		Técnica ou técnico	Técnicas e técnicos	As e os técnicos	As técnicas e os técnicos
Tesoureiro	Tesourería			Tesoureira ou tesoureiro	Tesoureiras e tesoureiros	As e os tesoureiros	As tesoureiras e os tesoureiros
Titor	Titoría	Persoa titora		Titora ou titor	Titoras e titores	As e os titores	As titoras e os titores
Titulado	Con titulación en...	Persoa titulada		Titulada ou titulado	Tituladas e titulados	As e os titulados	As tituladas e os titulados
Todos	A totalidade	Toas a persoas	Toda a xente	Toda ou todo	Todas e todos		
Traballador	Persoal	Persoa traballadora	Cadro de persoal	Traballadora ou traballador	Traballadoras e traballadores	As e os traballadores	As traballadores e os traballadores

U

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Universitarios	Comunidade universitaria	Persoas universitarias		Universitaria ou universitario	Universitarias e universitarios	As e os universitarios	As universitarias e os universitarios
Usuario	Persoa usuaria			Usuaria ou usuario	Usuarías e usuarios	As usuarias e os usuarios	As usuarias e os usuarios



V

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Veciño	Veciñanza	Persoa veciña		Veciña ou veciño	Veciñas e veciños	As e os veciños	As veciñas e os veciños
Vello	Vellez	Persoa maior	Persoa anciá	Vello ou vella	Vellas e vellos	As e os vellos	As vellas e os vellos
Voluntarios	voluntariado	Persoa voluntaria		Voluntaria ou voluntario	Voluntarias e voluntarios	As e os voluntarios	As voluntarias e os voluntarios

W

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Web de visitante	Web de visitantes			Web da visitante ou do visitante	Web das visitantes e do visitantes	Web das e dos visitantes	Web das visitantes e dos visitantes
-------------------------	-------------------	--	--	----------------------------------	------------------------------------	--------------------------	-------------------------------------

X

TERMOS

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

Xefe	Xefatura			Xefa ou xefe	Xefas e xefes	As e os xefes	As xefes e os xefes
Xefe de servizo	Xefatura de servizo	Persoa responsable do servizo		Xefa de servizo ou xefe de servizo	Xefas de servizo e xefes de servizo	As e os xefes de servizo	As xefas de servizo e os xefes de servizo
Xestor	Xestión	Persoa xestora	Posto de xestión	Xestora ou xestor	Xestoras e xestores	As e os xestores	As xestoras e os xestores

